

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE CULTURA

7531 *Real decreto 490/2010, do 23 de abril, polo que se modifica o Real decreto 2062/2008, do 12 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema.*

O Real decreto 2062/2008, do 12 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, ten por obxecto a regulación da cualificación das películas cinematográficas e outras obras audiovisuais, a súa nacionalidade, o Rexistro Administrativo de Empresas Cinematográficas e Audiovisuais, normas para as salas de exhibición, regulación das coproducións con empresas estranxeiras, medidas de fomento e órganos colexiados con competencias consultivas nas citadas materias.

A experiencia adquirida desde a entrada en vigor do citado real decreto aconsella realizar determinadas modificacións no texto que, en canto á cualificación das películas e outras obras audiovisuais, se concretan en varios aspectos. En primeiro lugar, para os efectos de seguridade xurídica do espectador, considérase oportuno incorporar ao texto a nova clasificación por grupos de idade do público que efectuou a Orde CUL/314/2010, do 16 de febreiro, pola que se modifican os grupos de idade para a cualificación das películas cinematográficas e outras obras audiovisuais, en uso da habilitación que establece a disposición derradeira segunda do citado real decreto, disposición que mantén a súa vixencia. En segundo lugar, preténdese axilizar e dotar de maior transparencia o procedemento de cualificación, vinculando os criterios que sirvan de base á cualificación das películas e outras obras audiovisuais, que serán públicos, á cualificación que propoñan os interesados, de modo que as súas solicitudes se efectúen cun mellor coñecemento e dun xeito máis axustado á cualificación que resulte finalmente. Ademais, establécese a asunción polo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais da proposta que realice o solicitante, agás decisións motivadas, cando este considere que a súa obra unicamente pode ser cualificada como película «X», coa conseguinte axilización do procedemento.

Por outra parte, e para os efectos de conseguir tanto esa axilización coma unha homoxeneización das cualificacións outorgadas nos países do noso ámbito, prevese a posibilidade de que, mediante resolución, se establezan os supostos en que se lle poida recoñecer a unha obra a mesma cualificación que a que xa lle foi outorgada pola autoridade audiovisual correspondente doutro Estado. Finalmente, precísase quen son os obrigados a que a cualificación das películas e outras obras audiovisuais se faga chegar a coñecemento do público.

A regulación sobre as axudas de xestión centralizada modifícase en tres cuestións. Por unha parte, nesta materia elimínase a obriga de inscrición no Rexistro de Empresas do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais dos solicitantes de axudas para a realización de obras audiovisuais con emprego de novas tecnoloxías así como para as axudas á conservación.

Por outra parte, respecto ás axudas para a amortización de longametraxes, faise necesario dar cumprimento ao mandato establecido no artigo 26 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, en virtude do cal para a concesión das ditas axudas se deberán ter en conta, ademais dos actuais criterios obxectivos de carácter automático —a aceptación do público e a recadación obtida nas salas de exhibición—, novos criterios que reflectan a recepción da película polos espectadores a través doutros medios de difusión. Como consecuencia, no texto inclúese a previsión necesaria para instrumentar a dita obriga mediante o establecemento daqueles procedementos necesarios para acreditar a distribución de películas a través da internet ou doutros sistemas baseados na demanda do espectador, así como da venda e o arrendamento de soportes físicos.

Así mesmo, e como consecuencia do anterior, dentro dos requisitos específicos para os solicitantes de axudas á produción, entre as cales se encontran as de amortización, substitúese o concepto de «recadación» polo de «espectador», para adaptar o requisito á configuración das ditas axudas.

Noutra orde de cousas, para atender a necesidade de redución de cargas administrativas innecesarias aos administrados, de acordo coa Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, así como coa Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, normas que incorporan parcialmente ao dereito español a Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, substitúese a achega de documento público como medio acreditativo de estar ao día no cumprimento das obrigas contraídas co persoal, creativo, técnico e industrias técnicas, pola dunha declaración responsable sobre os citados aspectos. Así mesmo, no procedemento para a inscrición no Rexistro Administrativo de Empresas Cinematográficas e Audiovisuais, elimínase a obriga de presentar copias dos documentos acreditativos do número de identificación fiscal, así como da alta no imposto sobre actividades económicas ou censo correspondente, dando aos interesados a opción de autorizar a Administración para obtelos.

En canto ao Comité de axudas á produción cinematográfica, considerouse necesario extraer de entre as súas funcións a emisión de informes nas solicitudes de axudas para o desenvolvemento de proxectos de longametraxes, que serán asumidas por un órgano colexiado específico establecido nas bases reguladoras das axudas.

Por último, a modificación da disposición adicional terceira ten como obxecto dotar dunha maior seguridade xurídica os solicitantes de axudas á amortización de longametraxes, tendo en conta que se trata de axudas que se outorgan aos produtores de películas cuxa estrea se produciu ata con dous anos de anterioridade á data en que se efectúa a convocatoria. Xa que logo, considérase necesario marcar como momento inicial para a aplicación do novo réxime o inicio da rodaxe das películas.

Este real decreto dítase ao abeiro da disposición derradeira cuarta da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, que habilita o Goberno para ditar as normas regulamentarias que requiran o seu desenvolvemento e aplicación.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Cultura, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de abril de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 2062/2008, do 12 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema.*

O Real decreto 2062/2008, do 12 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, modifícase nos seguintes termos:

Un. O artigo 5 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 5. *Cualificación.*

1. As obras cinematográficas e audiovisuais serán cualificadas polo ICAA ou, de ser o caso, polo órgano competente das comunidades autónomas, por grupos de idade, segundo a seguinte clasificación:

- a) Especialmente recomendada para a infancia.
- b) Apta para todos os públicos.
- c) Non recomendada para menores de sete anos.
- d) Non recomendada para menores de doce anos.
- e) Non recomendada para menores de dezaseis anos.

- f) Non recomendada para menores de dezaioito anos.
- g) Película «X».

A cualificación “Especialmente recomendada para a infancia” acumularase, cando corresponda, á cualificación “Apta para todos os públicos” ou “Non recomendada para menores de sete anos”.

As obras audiovisuais que sexan obxecto de autorregulación de acordo coa súa normativa específica rexeranse por ela, coa excepción das que pretendan acceder ás axudas recollidas no capítulo VI, dedicado ás medidas de fomento, que se rexerán polo disposto neste capítulo para os efectos da súa cualificación.

2. As cualificacións outorgadas polo ICAA ou polos órganos correspondentes das comunidades autónomas competentes na materia terán validez en todo o territorio español.

3. A publicidade de toda película ou obra audiovisual, con independencia do medio ou soporte empregado, deberá incluír obrigatoriamente a súa cualificación de forma que resulte claramente perceptible para o público. Para estes efectos, as empresas distribuidoras, produtoras ou exhibidoras por cuxa conta se leve a cabo a publicidade, deberán comunicar a cualificación da obra aos titulares dos medios ou soportes en que a dita publicidade se insira, que serán os responsables de incluír a citada cualificación.»

Dous. O número 2 do artigo 6 queda redactado do seguinte xeito:

«2. O ICAA establecerá mediante resolución, que será publicada no “Boletín Oficial del Estado”, os criterios que sirvan de base á cualificación das películas cinematográficas e outras obras audiovisuais, así como os supostos en que se poderá tomar en consideración a cualificación previa que obtivo a obra procedente dunha autoridade audiovisual noutro Estado.

A motivación dos informes que emitan os vogais integrantes da comisión de cualificación realizarase de acordo cos indicados criterios. As solicitudes que presenten os interesados efectuaranse, así mesmo, tendo en conta os criterios de cualificación, en canto ao grupo de idade proposto. No caso de que o solicitante propoña a cualificación de película «X», o ICAA asumirá a cualificación solicitada, salvo decisión motivada do director xeral do ICAA.»

Tres. O número 3 do artigo 8 queda redactado do seguinte xeito:

«3. O certificado de nacionalidade española das obras cinematográficas e audiovisuais poderá ser expedido polo ICAA ou polo órgano competente da comunidade autónoma que proceda.»

Catro. O actual número 3 do artigo 8 pasa a ser número 4, coa mesma redacción.

Cinco. O número 1 do artigo 11 queda redactado do seguinte xeito:

«1. A inscrición realizarase por solicitude da empresa ou do titular da sala de exhibición interesados, mediante solicitude acompañada da documentación que a seguir se sinala:

a) Copia do documento acreditativo do número de identificación fiscal da empresa ou do titular da sala; así como xustificante da alta no imposto sobre actividades económicas ou no censo correspondente. O interesado poderá optar entre presentar os ditos documentos ou autorizar expresamente o ICAA para a súa obtención directa.

b) Se se utiliza nome comercial, marca ou rótulo, acreditación da súa inscrición conforme a normativa reguladora da propiedade industrial.

c) Ademais, cando se trate de persoas xurídicas:

1.º Copia simple da escritura de constitución, coa anotación de inscrición no rexistro público correspondente ou, de ser o caso, certificación literal da totalidade dos asentos expedida polo titular do rexistro público en que aquela estea inscrita.

2.º Certificado acreditativo dos nomes e apelidos, nacionalidade e domicilio das persoas a que se encomenda a xestión e administración, ou escrituras de apoderamento, e no caso de cooperativas, a composición do seu consello reitor.»

Seis. Engádesse un novo número 3 ao artigo 20 coa seguinte redacción:

«3. Na concesión das axudas para a amortización de longametraxes, e co fin de que poidan ser tidos en conta os criterios obxectivos de carácter automático baseados na recepción polos espectadores a través doutros medios de difusión distintos á proxección en salas de exhibición, a que se refire o artigo 26 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, procederase, mediante orde ministerial, ao establecemento dos procedementos para a acreditación e certificación da distribución de películas a través da internet ou doutros sistemas baseados na demanda do espectador, así como da venda e o arrendamento remunerado a prezo de mercado de soportes físicos e dos accesos individuais mediante pagamento a proxeccións cinematográficas que se desenvolvan no marco de festivais e certames celebrados en España, para os exclusivos efectos do cómputo de espectadores.»

Sete. Os números 1 e 2 do artigo 22 quedan redactados do seguinte xeito:

«1. Ademais de reunir os requisitos específicos que se detallan nas bases reguladoras correspondentes para cada unha das liñas de axudas previstas no artigo 20, son requisitos xerais para obter a condición de beneficiario, xunto cos establecidos no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, os seguintes:

a) Estar inscrito no Rexistro Administrativo de Empresas Cinematográficas e Audiovisuais, de acordo co establecido no capítulo IV deste real decreto. As empresas non españolas nacionais de Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo rexeranse polo disposto no artigo 11.3. Exceptúanse deste requisito todos os solicitantes de axudas para a creación de guións, para proxectos culturais e de formación non regulada, para a organización de festivais e certames, para a conservación, así como para a realización de obras audiovisuais con emprego de novas tecnoloxías.

b) Non ter sido sancionado coa perda da posibilidade de obter subvencións polo incumprimento da normativa en materia de igualdade entre mulleres e homes, de acordo co previsto no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, en virtude da reforma realizada pola Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

c) Cumprir o requisito de residencia ou establecemento en España, de acordo co artigo 2, no momento da percepción efectiva das axudas.»

«2. Para o acceso ás axudas á produción, as empresas produtoras solicitantes deberán, ademais:

a) Ser titulares dos dereitos de propiedade das obras, de acordo co establecido no artigo 24.2 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, e manter a dita titularidade durante un período mínimo de tres anos.

b) Estar ao día no pagamento das obrigas contraídas co persoal creativo, técnico e industrias técnicas, segundo dispón o artigo 24.3 da dita lei, achegando declaración responsable sobre estes extremos, que poderán ser comprobados pola Administración a requirimento seu.

c) Non comercializar ou non ter comercializado a película en soporte videográfico con anterioridade ao transcurso de 3 meses desde a súa estrea comercial en salas de exhibición. Quedarán exoneradas deste requisito, unha vez transcorrido o primeiro mes, cando as películas contén con menos de 10.000 espectadores en salas de exhibición durante o dito período.»

Oito. O número 1 do artigo 36 queda redactado do seguinte xeito:

«1. Coa finalidade de asesorar a Dirección Xeral do ICAA na concesión das axudas á produción cinematográfica previstas na Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, e sen prexuízo dos órganos colexiados de valoración específicos que, para o resto das axudas, se establezan nas correspondentes bases reguladoras, o Comité de axudas á produción cinematográfica é o órgano colexiado dependente do ICAA a que corresponde a emisión de informes sobre os seguintes asuntos:

- a) Solicitudes de axudas para a produción de longametraxes sobre proxecto establecidas no artigo 25 da citada lei.
- b) Solicitudes de axudas para a produción de curtametraxes que establece a lei no seu artigo 27.
- c) Informar, se é o caso, sobre a aprobación de coproducións entre empresas españolas e estranxeiras.»

Nove. O número 3 do artigo 37 queda redactado do seguinte xeito:

«3. Ningún vogal poderá permanecer no cargo por un período superior a dous anos consecutivos, salvo o que poida establecerse para o caso de renovación parcial dos órganos, nin participar, directa ou indirectamente, en proxectos cuxa valoración corresponda realizar ao órgano de asesoramento na concesión de axudas a que o vogal pertenza, durante o citado período.»

Dez. A disposición adicional terceira queda redactada do seguinte xeito:

«Disposición adicional terceira. *Adaptación de prazos para as axudas á amortización.*

As bases reguladoras das axudas a que se refire este real decreto poderán establecer que a aplicación efectiva do réxime das axudas á amortización se leve a cabo tomando en consideración as datas de inicio de rodaxe e estrea das películas.»

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de abril de 2010.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Cultura,
ÁNGELES GONZÁLEZ-SINDE REIG